



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa da Comisión de investigación constituída para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX Lexislatura

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do acordo do 10 de marzo de 2017 da Comisión de investigación constituída para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX Lexislatura, **formula** as seguintes **suxestións** para a elaboración dunha **proposta de plan de traballo da Comisión**.

1. UN NOVO ESCENARIO QUE PRECISA SER INVESTIGADO

Dende a paralización dos traballos da comisión, non mediada a anterior lexislatura, sucedéronse varios feitos salientábeis que fan necesaria a súa análise e investigación como parte do vindeiro plan de traballo da comisión, posto que teñen unha incidencia directa no obxectivo de analizar e avaliar a evolución económico financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación nun banco, así como o proceso que levou aos seus ex-directivos a cobrar indemnizacións millonarias. A continuación desenvolvemos os feitos máis relevantes que definen este novo escenario, e que xustifican as liñas de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

investigación propostas, así como as solicitudes de novas comparecencias e documentación.

1.1. AS DIFICULTADES PROBADAS DAS CAIXAS DE AFORROS E A SÚA OCULTACIÓN Á OPINIÓN PÚBLICA

As dúas sentenzas da Audiencia Nacional e do Tribunal Supremo, de 22.10.2015 e 09.09.2016 respectivamente, declaran como feitos probados expresamente na sentenza o seguinte: *“Como consecuencia da situación económica e financeira que atravesaba Caixa Galicia, que estaba en situación de insolvencia, e Caixanova, cuxa situación era non tan grave como a de Caixa Galicia, pero tiña serios problemas de viabilidade, a finais de 2009, ambas caixas iniciaron contactos para levar a cabo un proceso de integración mediante a fusión de ambas Caixas, co fin de asegurar o seu desenvolvemento e estabilidade futura (...).”*

É dicir, posteriormente aos traballos da comisión, houbo coñecemento a través destas dúas sentenzas de que a finais de 2009, Caixa Galicia estaba en situación de insolvencia e Caixanova tiña serios problemas de viabilidade. Esta declaración xudicial firme, da Audiencia Nacional e ratificada polo Tribunal Supremo con ocasión dos recursos, certifica un relato fáctico, elaborado á vista das probas presentadas na investigación polas indemnizacións millonarias a varios ex-directivos das caixas de aforros , e con iso introduce unha novidade que merece ser investigada, dado que ademais neses anos as contas oficiais das caixas de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aforros declararon beneficios. Ademais, con eses datos contábeis no mesmo período houbo varias emisións de participacións preferentes, e agora revélase que a situación económica e financeira xa era delicada e foi deliberadamente ocultada aos clientes e á opinión pública, sen ter sido tampouco debidamente vixiada, controlada e fiscalizada polos órganos de supervisión, especialmente o Banco de España.

Xa que logo, a revisión xudicial das indemnizacións dos directivos detectou unha situación de fraude e insolvencia nas contas que daquela o Banco de España obviou. Trátase dunha novidade que fai imprescindible o seu estudo e investigación, non só no relativo ao proceso de quebra e reestruturación das caixas, senón tamén na investigación relativa á aprobación e percepción das millonarias indemnizacións.

1.2. A APARICIÓN DE ACTIVIDADES E OPERACIÓNS DAS CAIXAS QUE PRESENTAN INDICIOS DE IRREGULARIDADE

1.2.1. As actividades do entorno familiar de José Luis Méndez

En setembro do 2014, o Grupo Parlamentar do BNG tivo acceso a unha serie de documentos remitidos de xeito anónimo á Federación da Banca da CIG que evidenciaban a existencia de prácticas de maquinación por parte dalgún dos altos dirixentes das antigas caixas para enriquecerse persoalmente a costa de causar un grave prexuízo económico á entidade. O Grupo Parlamentar do BNG deu traslado da devandita documentación a todos os Grupos Parlamentares e a propia presidencia da Comisión de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Investigación das Caixas acompañada de escrito de solicitude de reapertura dos traballos da comisión para o exame e o estudo da documentación achegada (25 setembro 2014).

Como consecuencia destes feitos no Debate do Estado da Nación de 2014 o Grupo Parlamentar do BNG presentou unha proposta de resolución que tras ser transaccionada co Grupo Popular resultou aprobada por unanimidade nos termos seguintes:

“O Parlamento de Galiza acorda, como resolución, a continuidade da comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforro e as causas e responsabilidades da súa actual situación, co obxecto de analizar a nova documentación aportada á Comisión que evidencia a existencia de prácticas de maquinación por parte dalgún dos altos dirixentes das antigas caixas para enriquecerse persoalmente a costa de causar un grave prexuízo económico á entidade. A Comisión avaliará, así mesmo, calquer novo documento ou dado que se aporte sobre prácticas de enriquecemento ilícito.

Así mesmo, o Parlamento de Galiza acorda, por resolución, que a Comisión deberá concluir os seus traballos, coa emisión e aprobación do correspondente dictame, antes de que conclúa o actual período de sesións.”

Na documentación mencionada, de confirmarse a súa veracidade, apórtanse probas documentais de como a esposa de D. José Luís Méndez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

López, Director Xeral de Caixa Galicia naquelas datas, tras proceder o matrimonio á separación de bens, adquiriu activos da Corporación Caixa Galicia (pisos, locais e garaxes) a un prezo inferior ao prezo de taxación fixado pola propia entidade. Cómpre lembrar que nas datas nas que se efectuaron estas operacións o Presidente da Corporación Caixa Galicia era o propio Sr. José Luís Méndez López e o Conselleiro Delegado era o Sr. José Luís Méndez Pascual, fillo do matrimonio. Da documentación conclúese que Dona Matilde Pascual Monzó adquiriu inmobles valorados en 1.813.255 euros, por un importe de 1.528.200 euros, cun prexuízo patrimonial para o holding de 285.055 euros.

Dáse a circunstancia, ademais, de que unha parte importante das operacións tiveron lugar cando xa se iniciara o proceso de fusión de Caixanova e Caixa Galicia e algunhas operacións teñen lugar tan só dous días antes de que se formalizase a fusión.

Por tanto, de corroborarse estes dados, estaríamos ante a evidencia dunha auténtica maquinación para enriquecerse persoalmente á costa de causar un grave prexuízo económico á entidade. Así, unha das facetas que debe impulsar a Comisión é o exame e estudo desta documentación. É necesario, á vista dos datos que se achegaron no seu momento, e do propio mandato emanado do Pleno do Parlamento, que a Comisión solicite formalmente que lle sexa achegada nova documentación que permita corroborar e ampliar o coñecemento destes feitos e que comparezan ante a mesma o Sr. José Luís Méndez López, ex-Director Xeral de Caixa Galicia, o Sr. D. José Luís Méndez Pascual, ex-Presidente da Corporación Caixa



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galicia, o Presidente da Comisión de Control e o representante da Xunta de Galiza neste órgano, coa finalidade de avaliar as “causas e responsabilidades dos ex-directivos” na evolución das antigas caixas.

1.2.2. Outras actividades e operacións das caixas que presentan indicios de irregularidade

Tamén con posterioridade á suspensión da actividade da comisión, en xuño de 2015, por parte do FROB detectáronse operacións irregulares en Novacaixagalicia, procedentes da actividade das caixas ou efectuadas no momento da reestruturación das entidades, estimando un prexuízo de 170 millóns para as entidades. Ditas operacións teñen a ver co financiamento e refinanciamento para a adquisición de inmóbeis e participacións en sociedades, renegociacións de préstamos con redución de garantías, operacións de cancelación de débedas que, en xeral, provocaron perdas patrimoniais millonarias.

En relación co descrito no apartado anterior, tamén a comisión debe profundizar na investigación destas operacións, tendo en conta ademais a paralización tanto polo FROB como pola Fiscalía, o que impide coñecer a natureza e a verdade sobre esta actividade irregular, e que todas as galegas e galegos temos dereito a coñecer. Por iso, tamén se insiste na comparecencia de responsábeis do FROB e dos directivos das caixas e de Novacaixagalicia para analizar estas operacións irregulares e outras análogas que sexan



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

anormais desde unha lóxica económica e financeira e derivaran en perdas para as entidades analizadas.

1.3. A VENTA ANTICIPADA E CON PERDAS DE NCG BANCO

O Goberno Central non considerou a NCG Banco como unha entidade sistémica, o que impediu que tivese un tratamento análogo ao de Bankia, contemplar no Memorando asinado coa UE outra opción que a venda ou liquidación.

A privatización de NCG rematou en decembro de 2013, malia que existía prazo ate o 2017 para levar a termo o proceso. No que atinxe a esta venda antes de prazo, existía un consenso case unánime entre os analistas en que o valor da entidade sería maior canto máis se aproximase á data límite para a venda, permitindo unha recuperación importante dos fondos públicos destinados ao seu saneamento. O propio Presidente de NCG Banco ata a súa venda -José María Castellano- manifestou publicamente que: “*se o Estado, en vez de privatizar Novagalicia Banco cando o fixo, tivese agardado tres ou catro anos máis, podería ter recuperado a súa inxección de fondos públicos no seu saneamento*”. (29 de abril de 2016. Programa “Área Pública” da TVG).

Ademais, tanto no documento de autorización das axudas públicas da Comisión europea SA.33734 (12/N), así como no denominado “TERM SHEET” que vai integrado na mesma (na versión confidencial que é de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

acceso público), figura dito período de cinco anos de reestruturación con vistas a reducir o mínimo a carga para os contribuíntes, dado o inxente apoio con fondos públicos, previo en todo caso ao alleamento. Isto é, enfatizábase a necesidade de acometer as medidas nun período determinado (neste caso 5 anos) a fin de minimizar a perda de fondos públicos, un extremo que foi incumprido coa anticipación da venda que derivou nunha recuperación exigua dos fondos públicos destinados á reestruturación, tanto contra as indicacións das instancias europeas como dos xestores nesa data do banco que proviña da fusión das caixas de aforro galegas.

Así, a venda de NCG Banco foi unha venda a perdas, cun resultado de que a efectos prácticos o Estado pagou para que se fixese cargo de NCG Banco un operador privado: o prezo oficial de venda foi de 1.003 millóns de euros pero o plan de reestruturación aprobado pola Dirección Xeral da Competencia da Comisión Europea en xuño do 2014 (*caso SA.38143, punto 76*) di que as garantías a favor do comprador ascenden a un total de 2.322 millóns de euros, unha cantidade moi superior ao prezo oficial de venda, dos cales, a 31 de decembro do 2015, segundo o Tribunal de Contas, xa se levaban executado 397 millóns de euros. Recordemos tamén que no seu saneamento o Estado destinou 8.981 millóns de euros.

Esta operación ruín para o Estado contrasta cos beneficios declarados por Abanca nos seguintes exercicios, o reparto de dividendos entre os seus accionistas e a aposta por unha estratexia de negocio prexudicial para Galiza: desprendemento de carteira industrial e inicio da expansión fóra de Galiza.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

1.4. A NEGATIVA EVOLUCIÓN EN GALIZA DO CRÉDITO RELACIÓN AOS DEPÓSITOS

Dende o 2009, coincidindo co proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas, observamos como en Galiza empeora dun xeito acelerado a relación entre depósitos e créditos. Deste xeito, a galega é a comunidade onde o comportamento da relación entre créditos e depósitos presenta unha peor evolución. Se no 2009 se concedían 132 euros de crédito por cada 100 euros en depósito, esta relación foise deteriorando fortemente nos últimos anos até o punto no que agora (últimos datos dispoñíbeis de setembro de 2016) o volume de créditos so representa o 74% dos depósitos, o que supón unha redución do 44,11% desta ratio, case o dobre que a media estatal neste período, que foi do 24,82%

A situación actual, onde de cada 100 euros en depósito, so 74 van destinados a crédito no país, supón que Galiza é a comunidade que presenta tamén peor relación entre créditos e depósitos de todo o estado. Así, Galiza ten 15.891 millóns de euros en depósitos que non se destinan a créditos para os nosos sectores produtivos ou as economías domésticas galegas.

A evolución descrita prodúcese dun xeito paralelo á desaparición das caixas galegas, polo que é preciso que a Comisión investigue dentro do seu plan de traballo estes feitos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.5. A PERDA DE CALIDADE DOS SERVIZOS BANCARIOS DEBIDO AO PECHE MASIVO DE OFICINAS BANCARIAS APÓS A REESTRUTURACIÓN

Coincidindo coa reestruturación bancaria e a desaparición das caixas, produciuse un constante peche de oficinas bancarias no noso país. O estado español asumiu a metade do peche da rede de oficinas bancarias da zona euro, e en Galiza produciuse unha caída máis intensa que a rexistrada no conxunto do estado, cun descenso dende o 2009 do 34,7% fronte ao 30,3% do conxunto estatal. Xa que logo, produciuse un empeoramento nos servizos financeiros á cidadanía máis intenso que a media.

Polo tanto, na actualidade, Galiza malia a concentrar a metade de núcleos poboacionais de todo o estado, non conta cunha rede de oficinas acorde a esa realidade territorial. No noso país hai unha oficina bancaria por cada 1.661 persoas. Dito doutro xeito, hai 60,2 oficinas por cada cen mil persoas, mentres a media estatal sitúase nas 63,3 oficinas por cada cen mil persoas, o cal amósanos un deficiente servizo por parte das entidades financeiras.

Así, a reestruturación bancaria e a perda de entidades que cando menos orixinariamente tiñan como vocación a proximidade ao cliente e a vinculación co territorio (caso das caixas de aforros) deixou a numerosos concellos rurais sen sucursais bancarias, o que está a provocar numerosas queixas por parte da poboación afectada.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.6. INSUFICIENCIAS NA XESTIÓN DO FROB DETECTADAS POLO TRIBUNAL DE CONTAS

O 10 de xaneiro de 2016 o Pleno do Tribunal de Contas aprobou o “Informe de fiscalización do proceso de reestruturación bancaria, exercicios 2009 a 2015”, que tiña por obxecto fiscalizar a actividade económica do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), dos tres Fondos de Garantía de Depósitos que existían ata o 15 de outubro de 2011 e do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito -que substituíu aos anteriores-, así como ao Banco de España, como institución supervisora do sistema bancario. Nel hai referencias concretas ao impacto do uso fondos públicos nas operacións de saneamento da entidade financeira NCG Banco, cun volume importante de perdas irrecuperábeis para o erario público. Ademais, o Tribunal observou unha serie de insuficiencias e deficiencias nas actuacións das entidades fiscalizadas, entre elas:

- Malia o establecido no RD-L 9/2009 e a Lei 9/2012, os acordos adoptados pola Comisión Rectora do FROB en certos procesos de reestruturación, resolución e venda non detallaron, como sería o procedente, todas as garantías que finalmente foron formalizadas nos contratos de vendas, aínda que si figuraban detalladas tales garantías na documentación analizada pola Comisión Rectora. No caso de NCG as diferenzas observadas entre os acordos da Comisión Rectora e os compromisos realmente asumidos polo FROB son relativas a que a Comisión Rectora acordou o 18 de Decembro de 2013 adxudicar o contrato de venda das accións de NCG titularidade do FROB e do FGDEC, sen que dito acordo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sinalara os importes máximos das garantías que finalmente se concederon na compravenda.

- O FROB non determinou os criterios financeiros, fiscais e de oportunidade que debían aplicarse para valorar, ordenar e seleccionar cada un dos instrumentos de apoio financeiro que cabería adoptar en cada proceso, especialmente nos de resolución e venda de entidades.

- O FROB non definiu un procedemento para imputar os ingresos, os gastos e os custos incorridos en cada proceso de resolución, que permitise cumprir, sen restricións, o establecido no artigo 26.4 da Lei 9/2012, que prevé que o FROB deduza e reteña do prezo de venda os gastos incorridos. O Fondo interpretou este precepto dunha forma restritiva, ao entender que só podían ser deducíbeis (e, xa que logo, recuperábeis) aqueles gastos que estivesen ligados de forma directa á venda da entidade. De adoptar unha interpretación menos restritiva, o FROB podería deducir e reter importes maiores dos que realmente efectuou nos casos dalgunhas entidades financeiras.

- Desde a segunda metade do ano 2011, o FROB incumpriu o Acordo da Comisión Rectora polo que decidiu establecer un sistema de contabilidade analítica que permitise coñecer os recursos aplicados en cada unha das actuacións, así como os ingresos e gastos directamente imputables ás mesmas. O Fondo de Garantía de Depósitos en Entidades de Crédito tamén carecía dun sistema de contabilidade analítica.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Algunhas destas deficiencias e insuficiencias sinaladas polo Tribunal de Contas teñen impacto directo no proceso de reestruturación das caixas galegas e posterior privatización de NCG Banco, polo que debe ser obxecto da Comisión clarificar a actuación do FROB e demais fondos a este respecto.

1.7. INVESTIGACIÓN AOS DIRECTIVOS DO BANCO DE ESPAÑA E DA CNMV

A novidade máis recente ten que ver co procedemento aberto na Audiencia Nacional, en relación coa saída de Bankia a Bolsa en 2011, xa que a Sección Terceira da Sala do Penal pediu a mediados de febreiro que declaren como investigados os responsábeis do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores que supervisaron a saída a bolsa da entidade. Este feito amósanos as evidentes deficiencias na labor de supervisión que corresponde aos citados organismos, que mesmo podería ter consecuencias penais, e pon o foco na necesidade de deitar luz sobre a actuación destes organismos no proceso de reestruturación das caixas galegas.

1.8. COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS FINANCIEROS OPACOS A CLIENTES MINORISTAS



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao tempo que as caixas de aforro atravesaban dificultades económicas sen expor claramente esta situación, procederon a varias emisións de participacións preferentes entre a clientela, particularmente persoas aforradoras sen experiencia financeira.

A presión social e a estratexia xudicial emprendida polos afectados en Galiza deu como resultado que a maior parte das persoas afectadas recuperasen o investido en participacións preferentes e evitaron que se consumase unha estafa masiva, que mesmo un Real Decreto Lei aprobado en 2012 pretendía avalar legalmente.

Estas emisións non só foron ilegais por terse destinado a clientes sen experiencia financeira, como as sentenzas e os laudos arbitrais concluíron, senón que, á vista dos feitos probados e das necesidades continuas de fondos para a reestruturación das caixas para cubrir as súas perdas, tamén foron comercializadas ocultando a realidade económica e financeira das caixas, xa que se enganou a clientes minoristas ocultando a información económica real e o deterioro dos balances. Por iso debe tamén abordarse na investigación non só a actuación dos responsábeis de emprender esa estratexia senón as responsabilidades políticas das autoridades de organismos públicos competentes en materia de supervisión financeira e protección de usuarios, pois, como se adiantou, os destinatarios a comercialización masiva de preferentes eran clientes minoristas sen experiencia financeira.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

2. LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

1. A situación de “insolvencia” na que se atopaba Caixa Galicia e de “serios problemas de viabilidade” na que se atopaba Caixanova, feitos na actualidade probado polas sentenzas da Audiencia Nacional e do Tribunal Supremo e que contrastan cos beneficios declarados polas citadas entidades na altura.

2. O proceso de indemnización aos directivos de Caixa Galicia baixo a perspectiva de que eran coñecedores da insolvencia da mesma.

3. O proceso que conduciu á venta anticipada e con cuantiosas perdas para o erario público de NCG Banco.

4. As actividades da familia de José Luís Méndez López. A achega de probas documentais de como a esposa de D. José Luís Méndez López, Director Xeral de Caixa Galicia naquelas datas, adquiriu activos da Corporación Caixa Galicia (pisos, locais e garaxes) a un prezo inferior ao prezo de taxación fixado pola propia entidade deben ser investigadas no seo da Comisión.

5. As operacións irregulares detectadas polo FROB no proceso de reestruturación das caixas de aforro -inconsistentes desde a lóxica económica e financeira- e que ocasionaron perdas millonarias.

6. As causas da negativa evolución recente da relación entre depósitos e créditos, que supón que na actualidade so se destinen a crédito en Galiza 74 de cada 100 euros en depósito, e a relación destes datos co proceso de reestruturación das caixas de aforro.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. As causas da perda de calidade dos servizos bancarios debido ao peche masivo de oficinas bancarias após a reestruturación bancaria e a desaparición das caixas galegas.

8. As insuficiencias detectadas polo Tribunal de Contas na actuación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), dos tres Fondos de Garantía de Depósitos que existían ata o 15 de outubro de 2011 e do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito (que substituíu aos anteriores), así como ao Banco de España.

9. As deficiencias na labor de supervisión no proceso de reestruturación bancaria por parte do Banco de España e da CMNV.

10. O proceso de emisión de participacións preferentes nos anos 2009 e 2010, coa crise financeira en marcha, e as eivas nas actuacións de supervisión, vixilancia e tutela das autoridades e organismos competentes en materia de supervisión financeira e protección a consumidores e usuarios, que non impediron unha comercialización masiva fraudulenta de produtos financeiros opacos e complexos a persoas aforradoras sen experiencia financeira.

3. RELACIÓN DE COMPARECENCIAS QUE SE SOLICITA

- Sr. Alberto Núñez Feijóo (Presidente da Xunta de Galiza).
- Sra. Marta Fernandez Currás (Ex-Conselleira de Facenda da Xunta de Galiza).



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Sr. Miguel Ángel Fernandez Ordoñez (Ex-Gobernador do Banco de España).
- Sr. Joaquín Almunia (Ex-Comisario de economía e de competencia da Unión Europea).
- Sr. José María Castellano (Ex-Presidente de NCG Banco).
- Sr. Luís de Guindos (Ministro de economía e competitividade).
- Sr. Fernando Restoy (ex-Presidente do FROB).
- Srs. membros do Tribunal de Contas que realizaron o Informe nº 1.190 de fiscalización do proceso de reestructuración bancaria, exercicios 2009 a 2015.
- Sr. José Luís Méndez López (ex-Director Xeral de Caixa Galicia).
- Sr. José Luís Méndez Pascual (ex-Presidente da Corporación Caixa Galicia).

4. RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE SE SOLICITA

- Carta do Sr. Alberto Núñez Feijóo (Presidente da Xunta de Galiza) ao Banco de España relacionada coas indemnizacións dos ex-directivos das caixas.
- Auditoria de KPMG.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- Informe da Consultora McKinsey.
- *Term Sheet* de NCG Banco, S.A.
- Informes de supervisión e seguimento dos procesos de reestruturación bancaria relativos ás antigas caixas galegas realizados polo FROB.
- Toda a documentación relativa á indemnización de José Luís Méndez, incluíndo as actas dos órganos de dirección e goberno de Caixa Galicia ao respecto.
- Documentación do FROB en relación ás operacións de dubidosa legalidade realizadas polas antigas caixas galegas, fosen ou non remitidas á fiscalía.
- Listado de activos traspasados á SAREB por parte das antigas caixas durante o proceso de reestruturación bancaria.
- Documentación do FROB sobre o impacto do sector inmobiliario nas contas das caixas, tanto dende a óptica da participación empresarial, como do propio financiamento fallido a inmobiliarias (nomeadamente aos grandes grupos).
- Documentación relativa á adquisición de activos da Corporación Caixa Galicia por parte da Sra. Matilde Pascual Monzó, esposa de Sr. José Luís Méndez López.
- Sancións e/ou expedientes a Caixa Galicia, Caixanova, Tasa Galicia e ás persoas dos Comités de alta dirección.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/03/2017 13:29:19